



Érache un matrimonio, que viña sendo, un matrimonio que viña sendo tíos desta muller que está aquí. E resulta que, tiñan unha maceira moi boa, alá cando eu era rapás, unha maceira de Santiago. E tiña no fondo un salido, e, había millo, tiña millo no salido. E entonces, eu íballe ás mazáns de ves en cando. E resulta que fun arriba da maceira e as millores tireinas pó chao pa despois pañalas cando baixara.

E chégname a Carmela:

- Arre demo pó inferno! Arrea pois hoxe non fai tanto aire pa caer tantas mazáns! Arredemo! Cantas caíron!

E eu taba enriba da maceira e dixen:

- Ai! Se marcharas de aí... Me cagho na puta! E non marcha.
- Arrea aí!

E colleu o mandil, encartouno pa riba e apañoúmas todas. Agora que a min enriba da maceira non me veu. E marchoume cas mazáns millores pá casa, despois tuven que eu apañalas verdes, se quixen comer mazáns.

E doutra ocasión pasou do sighiente de que, esto... deixa a... Tiñan un pote das papas, destes potes que había de tres pés, un pote de ferro e esto, dende que o compraran no lavaran máis, e tiñano detrás do lume. E tiñan un becerro na corte e resulta que o bo do becerro veu á cocíña e anduvo fozando no pote. Meteu a cabeza polo ato do pote e marchou co pote pa corte. Resulta que os vellos chegaron á casa e ela:

- Ai Dios mío! E quen nos roubaría o pote? Ai arredemo pó inferno! E onde irá o pote? E eso, Manuel, e non sabes unha cousa? Que falta o pote.
- Bueno, bueno, non me dighas eso.
- Falta o pote - dixo - habían ser eses, eses que veñen aí vendendo viño, vendendo cobertores, nun cabalo e... - dixo - habíanche ser eses.
- Arredemo e entraron na casa! Manuel vai mirar a ver se falta algunha cousa enriba tamén.

Dixo:

- Bueno, esto, non sei, non sei.



- Vai mirar arriba, arredemo e o...!

Recorreron a casa toda non aparecía o pote. Hasta que despois cando quitaron o esterco da corte apareceu o pote na corte.

Dixo ela:

- Bueno ho!, agora xa hai en qué facelas papas.

E despois fixeron as papas ighual.